

Libro do peregrino A Franqueira. 2017



DIÓCESE DE
TUI - VIGO



ENLÁZATE
POR LA JUSTICIA

Peregrinos da Franqueira

Este sinxelo material quere ser un servizo de oración e reflexión para os peregrinos e peregrinas que neste ano se encamiñan ao santuario da Franqueira e, así, renovar a fe, afianzar a esperanza e ser constantes na caridade.

Le o texto do Evanxeo segundo Marcos

No preciso momento en que Xesús se puña en camiño, chegou un mozo a correr, que se axeonllou diante del e que lle preguntou:

-Mestre bo, ¿que teño que facer para acadar a vida eterna?

Xesús contestoulle:

-¿E por que me chamas bo? Ninguén e bo, fóra de Deus. Xa sabes os mandamentos: Non mates, non cometas adulterio, non roubes, non deas falso testemuño, non defraudes, honra a teu pai e mais a túa nai.

El respondeu:

-Mestre, todas esas cousas gardeinas desde a miña mocidade.

Entón Xesús pousou nel a súa ollada chea de cariño e engadiu:

-Aínda che falta unha cousa: vai, vende todo o que tes, e repárteos entre os pobres, e terás un tesouro no ceo; e despois ven e sígueme.

Ante estas palabras mudóuselle o rostro e marchou moi apesarado, pois tiña moitos bens.

Saír

Para atopar a Xesús necesitamos saír das nosas comodidades, das seguridades, tomar a decisión firme. A Xesús atópaselle no camiño, pois el é o peregrino, o Fillo que sae ao encontro das persoas.

Que te motiva a facer esta peregrinación?

Reza a oración do papa Francisco na páxina 5

Buscar

Coma o mozo do evanxeo, temos no interior a necesidade de atopar a resposta ás inquiredanzas da vida. Que teño que facer de bo?. Onde atopar a motivación das miñas decisións?

Camiñar

Temos recibido uns valores e principios que son a mochila para facermos o camiño. Os fago vida ou quedan esquecidos sen dar a posibilidade de avanzar?. O mozo do evanxeo a pesares de cumprir os mandamentos sentíase baleiro. Como me sinto no camiño da vida?

Confiar

Acoller a Xesús é confiar na súa palabra. Xesús abre a posibilidade a un novo xeito de vida, a reorientar o camiño. Estou disposto a deixarme guiar pola fe en Xesús?.

Acompañar

Xesús pousou no mozo a súa ollada chea de cariño. O acompañamento do Señor no camiño da vida é desde a tenrura de quen nos ama. Síntome amado polo Señor?.

Chegar

Xesús chega á conclusión de que aquel mozo ten moitas cousas, e polo tanto, non é libre para decidir. Cantas cousas me impiden vivir a liberdade de decidir o bo, o fermoso, o xusto, o verdadeiro?

Reza a oración da páxina 6

Reiniciar

Dinos o texto que, ante a proposta de Xesús, o mozo marchou moi triste, pois tiña moitos bens. Desaproveitou a oportunidade, pero, por que se foi triste se era novo e tiña moitos cartos?. Non é o camiño que nos promete este mundo para ser feliz?

Reza a oración da páxina 7

Refrzscar

Na chegada ao Santuario da Virxe da Franqueira déixate empapar da frescura da súa presenza e saciar a túa sede na oración, no Sacramento da Reconciliación e na Eucaristía.

Ponte diante da súa imaxe e reza a oración á Virxe da Franqueira que está na páxina 8

Compartir

Non marches triste, senón renovado, decidido, confiado. Non estás so, pero Xesús quere que estes con El, que fagas o seu camiño. A súa invitación é a descubri-lo no encontro tamén cos demais, no rostro do pobre e do que sofre. Comprométete.

Vivir

Estamos a facer o camiño da vida. Se feliz, alegre, que o teu corazón reborde do entusiasmo que abrolla das augas do bautismo. Leva a esperanza aos que están derrotados á beira do camiño, a ledicia aos tristes, luz nas tebras.

Reza a oración de San Francisco que está na páxina 9



Oración del Papa Francisco.

El camino de A Franqueira te conduce por lugares llenos de la belleza de la creación.

Te alabamos, Padre, con todas tus criaturas, que salieron de tu mano poderosa. Son tuyas, y están llenas de tu presencia y de tu ternura. Alabado seas.

Hijo de Dios, Jesús, por ti fueron creadas todas las cosas. Te formaste en el seno materno de María, te hiciste parte de esta tierra, y miraste este mundo con ojos humanos. Hoy estás vivo en cada criatura con tu gloria de resucitado. Alabado seas.


Espíritu Santo, que con tu luz orientas este mundo hacia el amor del Padre y acompañas el gemido de la creación, tú vives también en nuestros corazones para impulsarnos al bien. Alabado seas.

Señor Uno y Trino, comunidad preciosa de amor infinito, enséñanos a contemplarte en la belleza del universo, donde todo nos habla de ti. Despierta nuestra alabanza y nuestra gratitud por cada ser que has creado. Danos la gracia de sentirnos íntimamente unidos con todo lo que existe.

Dios de amor, muéstranos nuestro lugar en este mundo como instrumentos de tu cariño por todos los seres de esta tierra, porque ninguno de ellos está olvidado ante ti. Ilumina a los dueños del poder y del dinero para que se guarden del pecado de la indiferencia, amen el bien común, promuevan a los débiles, y cuiden este mundo que habitamos. Los pobres y la tierra están clamando: Señor, tómanos a nosotros con tu poder y tu luz, para proteger toda vida, para preparar un futuro mejor, para que venga tu Reino de justicia, de paz, de amor y de hermosura. Alabado seas. Amén.

Líbrame, Señor

Líbrame, Jesús,
Del anhelo de ser amado,
del deseo de ser alabado,
del ansia de ser honrado,
del afán de ser consultado,
del empeño en ser aprobado,
de la aspiración a ser
perfecto...líbrame, Jesús.



Del afán de almacenar bienes,
del anhelo de ser rico,
del empeño en caer bien,
del deseo de sobresalir,
del ansia de darme a la buena vida,
de la aspiración a no fallar...líbrame, Jesús.

Del temor a ser despreciado,
del temor a ser calumniado,
del temor a ser olvidado,
del miedo a ser ofendido,
del miedo a ser ridiculizado,
del miedo a ser acusado...líbrame, Jesús.

Del temor a lo desconocido,
del temor a ser amado,
del temor a salir perdiendo,
del miedo a vivir en pobreza,
del miedo a renunciar a lo necesario,
del miedo a fracasar en la vida...líbrame, Jesús.

F. Uribarri

Diálogo con Jesús

Jesús, hoy me acerco y me encuentro ante Ti, tus propuestas me parecen inalcanzables, como al joven rico y los apóstoles.

Siento que la propuesta del Evangelio está demasiado alejada de lo que yo puedo hacer, que en la vida real no se puede vivir con esa radicalidad.

A veces tengo la sensación que no voy a poder vivir plenamente tu Evangelio.

Jesús, miraste con cariño a aquel joven rico y me miras a mí.

Cuando me miras, sabes lo que necesito para seguir creciendo, sabes de mis capacidades y de mis limitaciones, sabes de lo que yo puedo llegar a hacer y a ser.

Me animas a ir siempre un paso más allá y me lo pides con cariño, sabiendo de los que soy capaz, confiando en mí. Que yo sepa mirarme también con cariño y con confianza.

Salir del terreno conocido me asusta, Señor.

No me resulta fácil desprenderme de todo lo que me da seguridad, riquezas, ideologías, lazos afectivos, pequeñas costumbres que he de cambiar. Te presento mis resistencias y dificultades para seguirte.

Ayúdame a superarlas, Jesús. No siempre me puedo apoyar en mi fuerza de voluntad o en el suelo firme que ya piso

Solo tu mirada y tu aliento puede tirar de mí.

No me quiero alejar de Ti, triste, como el joven rico.

Que tus deseos y los míos se vayan acercando cada día más y pueda experimentar que, con tu ayuda, todo es posible.

Oración á Virxe da Fonte da Franqueira

Benaventurada Nai de Deus,
venerada coa secular advocación
de Nosa Señora da Fonte de A Franqueira:
queremos manifestarache con toda confianza
os desexos do noso corazón.
A Ti acudimos, Nai boa,
sabendo que escoitas as oracións dos teus fillos.



A túa imaxe de pedra
lémbra-nos a fortaleza da túa fe,
a seguridade da túa esperanza,
a constancia do teu amor.
Ver a Xesús no teu colo,
tráenos á memoria que a túa vida estivo ó seu servizo.
Fai que a Palavra do Evanxeo
resoe sempre no noso interior
para que saibamos recoñecer o paso de Deus pola nosa vida.

¡Nai-ciña! Sentímonos necesitados
e renovamos diante de ti a nosa confianza.
Axúdanos sobre todo a descubrir
o que nos pide Deus noso Pai.
Queremos, coma ti, ser felices
cumprindo a súa vontade, animados polo Espírito Santo
que nos fai recoñecer a Xesús como Salvador de todos.
A El a gloria por séculos de séculos. Amén.

Oración de San Francisco

Señor, haz de mi un instrumento de tu paz.
Que allá donde hay odio, yo ponga el amor.
Que allá donde hay ofensa, yo ponga el perdón.
Que allá donde hay discordia, yo ponga la unión.
Que allá donde hay error, yo ponga la verdad.
Que allá donde hay duda, yo ponga la Fe.
Que allá donde desesperación, yo ponga la esperanza.
Que allá donde hay tinieblas, yo ponga la luz.
Que allá donde hay tristeza, yo ponga la alegría.

Oh Señor, que yo no busque tanto ser consolado, cuanto consolar,
ser comprendido, cuanto comprender,
ser amado, cuanto amar.

Porque es dándose como se recibe,
es olvidándose de sí mismo como uno se encuentra a sí mismo,
es perdonando, como se es perdonado,
es muriendo como se resucita a la vida eterna.



Os dez principios da campaña

Enlázatε pola xustiza

- 1) Apoiarás a causa dos pobres.
- 2) Redescubrirás o valor da simplicidade na túa propia vida
- 3) Valorarás a importancia dos teus comportamentos cotiáns .
- 4) Apreciarás a diversidade do noso mundo.
- 5) Animarás unha conversión persoal, eclesial e comunitaria.
- 6) Impulsarás as decisións necesarias, aínda que sexan custosas.
- 7) Non supeditarás a túa acción aos intereses económicos.
- 8) Afondarás na túa propia tradición espiritual.
- 9) Asumirás os consensos científicos.
- 10) Superarás o paradigma tecnocrático.



Horario de Misas

Mércores ás 6 da tarde.

Sábados ás 6 da tarde.

Domingos ás 11 da mañá e ás 5 da tarde.

Tódolos días 8 de mes ás 12 da mañá e ás 6 da tarde, Misa solemne,
excepto os domingos ás 11 da mañá e 5 da tarde.

Os meses de xullo e agosto, de luns a venres ás 8 da tarde.

Do 9 ó 30 de setembro, de luns a venres ás 6 da tarde

Servizos

Atención a peregrinos

Celebracións litúrxicas

Cáritas interparroquial

Aseos, duchas e vestiarios

Tenda de recordos

Coa axuda de todos poderemos chegar a construír
un albergue para os peregrinos

Información:

986.69.79.68

609.47.25.91

www.afranqueira.org

info@afraqueira.org



DIÓCESE DE
TUI - VIGO

